



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 12:32
Nº Rexistro: 13260
Data envío: 28/07/2017 12:32:21.488

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en comisión**, relativa ás condicións de accesibilidade no CEIP Emilia Pardo Bazán na cidade da Coruña.

A necesaria aplicación de novas e distintas leis que, desde o ámbito estatal e galego, requiren das instalacións públicas a adaptación a criterios de accesibilidade, e que serán de obrigado cumprimento nos vindeiros anos, debe contar coa suficiente planificación e preparación por parte da administración.

A aplicación destas novas leis é fundamental para garantir un acceso non excluín-te e universal a todos os edificios públicos e máis, se cabe, para os centros de ensino público. Xa que logo, corresponde ás administracións educativas asegurar un sistema educativo inclusivo en todos os niveis educativos e garantir un posto escolar ao alumnado con discapacidade, sexa temporal ou permanente, prestando atención á diversidade de necesidades educativas do alumnado con discapacidade, mediante a regulación de apoios e axustes razoables para a atención de quen precisen unha atención especial de aprendizaxe ou de inclusión.

Neste sentido, e coa perspectiva de adaptación aos criterios que se esixen na Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade e no Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas con discapacidade e da súa inclusión social, cómpre realizar as actuacións necesarias para adaptar as instalacións do CEIP Emilia Pardo Bazán na cidade da Coruña, hoxe en día carente dunha accesibilidade universal para o conxunto do centro.

As instalacións do mesmo, divididas en dous planos, edificio educativo e pistas polideportivas, está comunicada mediante escaleiras, que impiden ás persoas con mobilidade reducida e con diversidade funcional o acceso ás zonas, polo que é necesario realizar obras necesarias para a súa adaptación.

Asemade, o acceso desde a entrada de vehículos (desde a travesía dos Rosais) comunica coa zona inferior, polo que calquera persoa con diversidade funcional non pode acceder a outras instalacións que non sexan as que se sitúan no devandito plano. Asemade, a rampla de acceso desde o aparcamento tampouco reúne as condición mínimas requiridas para poder ser empregada por persoas con algún tipo de discapacidade, cun desnivel moi superior ao máximo posíbel para se desenvolver individualmente sen axuda de terceiros.

Por último, tamén é obriga da Xunta de Galiza realizar todas aquelas obras e actuacións que, polas súas características e envergadura, signifiquen un investimento necesario e superior a aquelas obras de rango menor, de mantemento e conservación, que se puideran asumir por un Concello, algo que neste caso, e por tratarse dunha actuación integral e que afectaría a varias partes da estrutura do edificio, é evidente.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 12:32
Nº Rexistro: 13260
Data envío: 28/07/2017 12:32:21.488

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que acometa no CEIP Emilia Pardo Bazán na cidade da Coruña, á maior brevidade, as obras de adaptación do centro contempladas na Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade e no Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.”

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/07/2017 12:29:34

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2017 12:29:40



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 12:32
Nº Rexistro: 13260
Data envío: 28/07/2017 12:32:21.488

Ana Pontón Mondelo na data 28/07/2017 12:29:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/07/2017 12:29:45

Noa Presas Bergantiños na data 28/07/2017 12:29:48

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2017 12:29:50